

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: Lingua Castelá e Literatura  
DEPARTAMENTO: Lingua Castelá e Literatura  
DATA:29/03/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:            Nota das probas escritas 70%.            Nota de traballo 30% (deberes, traballo de redacción creativo “Aquellas palabras”, control de verbos, realización dun esquema das clases de palabras, libro de lectura)</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:            A avaliación é continua na parte de lingua. Valorarase a evolución progresiva do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.            Tendo en conta que a avaliación é formativa, tamén supervísanse e rectificanse nas seguintes avaliacións aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe que poidan contribuír a mellorar a adquisición de competencias.  <b>Se o alumno non tivese aprobada a parte de literatura desta avaliación poderá recuperala na avaliación final de xuño.</b></p>
<b>2º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:            Nota das probas escritas 70%            Nota de traballo 30% (deberes, vídeo sobre o libro de lectura, comentario literario, exercicios TIC)</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:            (o mesmo que o da 1ª avaliación)</p>
<b>3º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:            Nota das probas escritas 60%.            Nota de traballo 30% ( deberes, libro de lectura, gravación e recitado dun poema do Barroco, traballo de redacción, comentario literario).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:            Recuperarase na avaliación final a través dunha proba escrita, que abarca a parte de lingua e a parte de literatura, examinando ao alumno dos estándares non acadados.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Os alumnos con avaliación negativa nalgunha avaliación farán unha proba final dos estándares non acadados, despois de traballalos nas dúas semanas de xuño.</b> Estas novas notas serán as de referencia para obter a nota final.            Cálculo da nota final:            Media ponderada: 50% (media da primeira e segunda avaliación) e 50 % (nota da terceira avaliación).            Se ten avaliación positiva terá a posibilidade de subila 0.5 puntos co traballo creativo e de reforzo que farán en xuño.</p>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<b>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</b> 20% Traballo do curso actual. 50% Nota obtida na proba de recuperación da materia pendente. 30 % Traballo sobre a materia específica do curso anterior.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Levaranse a cabo dúas probas escritas nas convocatorias vixentes. Alén diso, o alumnado presentará un boletín de tarefas que lle servirá para preparar os contidos deses exames. O profesorado do Departamento encargárase da supervisión deste boletín e de solventar as posibles dúbidas sobre a súa realización.

<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	Empregaranse dous tipos de metodoloxías: O alumnado que teña que facer a proba final de recuperación dalgún estándar fará actividades e tarefas moi guiadas, similares ás da proba, co fin de acadar eses estándares e de axustar o traballo ás esixencias do exame. Doutra banda, os alumnos que teñan a materia superada farán traballos creativos que reforcen o aprendido durante o curso, preferiblemente colaborativos e que poidan realizar de forma autónoma coa supervisión do profesor.
<b>Actividades tipo</b>	Para o alumnado que ten que recuperar, proporcionaráselle boletíns con tarefas axustadas ás necesidades individuais. A actividade creativa do resto do alumnado consistirá nun proxecto de redacción dunha entrevista a un escritor dos estudados durante o curso co conseguinte traballo de documentación, investigación, redacción e presentación que implica.
<b>Materiais e recursos</b>	Boletíns de traballo, ordenadores, libros de consulta.